

**PEPITAS 2022**  
**CONCELLO DE MUGARDOS**

Do 12 ao 26 de marzo, ambos inclusive desenvolverase o programa Pepitas 2022.

**PROGRAMA:**

- **SÁBADO 12 DE MARZO:** Presentación da Madriña Rondalla Mugardesa 2022.
  - o Casino Mugardés
  - o Ás 19.00 horas.
  
- **SÁBADO 19 DE MARZO:** Ás 19.00 horas presentación da Madriña Rondalla Mugardesa 2022 no balcón do Concello de Mugardos. A continuación a Rondalla Mugardesa rondara pola vila.
  
- **DOMINGO 20 DE MARZO:** A Rondalla Mugardesa rondara pola vila. Ás 12.30 horas ronda no balcón gañador. A continuación no Cantón de Cora terá lugar a homenaxe ás madriñas.
  
- **VENRES 25 DE MARZO:** A partir das 19.00 horas, ronda polo Seixo da Rondalla Mugardesa.
  
- **SÁBADO 26 DE MARZO:** Certame de Rondallas.
  - o Programa:
    - 17.00 horas: Concentración de rondallas no peirao e desfile actuando ata o Casino Mugardés.
    - 17.30 horas: Comenzo do desfile.
    - 18.30 horas: Comenzo das actuacións no Casino Mugardés
  - o Rondallas participantes por orden de actuación:
    - Añoranzas
    - Club do Campo
    - Os Trobadores
    - SóElas
    - Sonidos del Alba
    - Bohemios
    - Rondalla Mugardesa
  - o Presentador/a:

## ADORNOS DE BALCÓNS E FIESTRAS

O obxectivo desta iniciativa é contribuir a crear un ambiente festivo na tradicional festa das Pepitas da que formamos parte dende hai moitos anos coas diferentes formacións da Rondalla, hoxe Rondalla Mugardesa.

Como todos os anos rondaran polas rúas dos concellos de Mugardos e de Ferrol, e celebraremos o Certame de Rondallas o día 26 de marzo no Casino Mugardés. Polo que por segundo ano convidamosova a que adornedes balcóns e fiestras con motivo da Festa das Pepitas.

Todas as persoas do termo municipal do Concello de Mugardos poden colaborar nesta iniciativa, cunha única condición que a decoración poda ser visible dende a rúa, e a temática e motivos ornamentais estén relacionados coa música e coas rondallas na Festa das Pepitas. Comunicaran a súa colaboración nesta iniciativa no departamento de Cultura de luns a venres, en horario de 9.00 a 14.00 horas; ou ben, no enderezo electrónico, [cultura@concellodemugardos.gal](mailto:cultura@concellodemugardos.gal)

O correo levará o título de Balcóns Pepitas 2022, e deberá incluír: Nome e apelidos, enderezo e núm. de teléfono.

O prazo para comunicar a participación nesta iniciativa será do 1 ao 11 de marzo, ambos inclusive.

A participación será gratuita.

Desenvolvemento: Os balcóns e fiestras deberán estar adornados do 12 ó 26 de marzo, ambos inclusive.

Todos os elementos utilizados para a decoración deixanse á libre elección das persoas participantes, deberán estar perfectamente anclados os elementos colgados que poidan preciparse por efecto do vento, sin que a súa ubicación poña en risco a seguridade, facéndose responsable a persoa inscrita no concurso de calquera accidente orixinado pola caída dalgún elemento á vía pública.

A decisión do balcón ou fiestra mais representativo será tomada por dous membros da Rondalla Mugardesa e un/ha representante do Concello e poderá contar con asesores externos se o considera preciso; farase público o sábado 19 de marzo, comunicandolle por teléfono a decisión á persoa responsable do balcón ou fiestra elixido. Entregaraselle unha cinta conmemorativa da Rondalla Mugardesa Pepitas 2022 e unha ronda no seu balcón ou fiestra o día 20 de marzo, ás 12.30 horas.